

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE CONVIDA AOS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS A PARTICIPAR NA IV EDICIÓN DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES SOBRE DOAZÓN E TRANSPLANTE DE MEDULA ÓSEA

- ***Neste certame poden concorrer alumnos e alumnas de calquera centro docente dos sete campus galegos***

Santiago, xoves 17 de xaneiro de 2019.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) quere convidar a todos os alumnos e alumnas de ensino universitario de Galicia a tomar parte no IV Concurso Universitario de Curtametraxes relacionado coa doazón e o transplante de medula ósea.

As bases da convocatoria deste certame, que ten como obxectivo promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón de medula ósea como un acto voluntario e altruísta, poden descargarse no seguinte enlace da páxina web de ADOS:

<https://ados.sergas.gal/Paxinas/web.aspx?tipo=paxtxt&idLista=3&idContido=475&miptab=475&idTax=9407>

Participantes

Na cuarta edición do concurso de curtametraxes relacionado coa doazón e o transplante de medula ósea, poden participar estudantes de calquera dos centros docentes dos sete campus galegos que presenten os seus traballos ata o 31 de maio do 2019.

Poderán tomar parte os estudantes de xeito individual ou en grupo, cun máximo de cinco autores por cada un dos traballos presentados e cunha duración máxima de tres minutos. Así mesmo, as curtametraxes, que deberán ser orixinais e inéditas, poden ser mudas ou sonoras, en galego normativo e a técnica é libre, podendo gravarse en calquera dispositivo, mesmo teléfonos móbiles.

Na terceira edición do Concurso Universitario de Curtametraxes relacionado coa doazón e o transplante de medula ósea, acadou o primeiro premio o traballo “Deixa pegaga”, realizada polos alumnos da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela: Amitai Gómez González, Cristal Arias González e Meritxell Álvarez Aguión. Polo que atingue ao segundo premio da terceira edición, recaeu na curtametraxe “Poder de todos”, do estudante da Facultade de Ciencias-Bioloxía da Universidade de Vigo, Brais Piñeiro Fernández. Ambos traballos están colgados na canle de YouTube de ADOS: <https://www.youtube.com/channel/UCL2vp0q1nmFBV9zsQacs4oQ>

ADOS quere animar a que tomen parte nesta iniciativa todos os estudantes galegos, xa que promove unha actitude solidaria e favorable ao xeneroso xesto da doazón entre os nosos mozos, permitíndolles coñecer, de primeira man, unha parte fundamental do noso sistema sociosanitario.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

